

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de xuño de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D^a. Soledad Polo Lima
D. Antonio Coello Bufill

NON ASISTEN:

D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Carlos Comesaña Abalde
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día quince de xuño de dous mil seis e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(733).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia deste asunto.

2(734).- DECLARAR DESERTO O CONCURSO DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO EN DETERMINADOS AREAIS DO MUNICIPIO.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 15.06.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Declarar deserto o concurso para a contratación do servizo de salvamento e socorrismo en determinados areais do Concello de Vigo, por que a única empresa presentada carece da clasificación esixida no prego de condicións.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez.

